

## Exposicións

O límite da mar, Fran Nieto

Aula Multimedia do Concello de Abegondo ■ 2ª Planta da Casa Consistorial. Lugar San Marcos s/n. Abegondo

Datas/horario: Do 25 de maio ao 30 xuño ■ Aberto de 9 a 14 h de luns a vernos



▲ Antártida. Carlos Caraglia

Un desexo, un país: Bolivia, Xela S. Lariño

Aula da Natureza do Xardín Botánico ■ Rúa do Burgo, Culleredo

Datas/horario: Do 25 de maio ao 30 de xuño ■ Aberto de 18 a 21 h de luns a vernos

Unha ollada natural, Calros Silvar

Sala de exposicións do CEIDA ■ Castelo de Santa Cruz s/n. Liáns, Oleiros

Datas/horario: Do 25 de maio ao 30 de xuño ■ Aberto de 10 a 14 h e de 16 a 19 h de luns a vernos; sábados de 11 a 14 h

Doce e salgada, Fran Nieto

Casa A Senra ■ Estrada da Coruña nº 12, Bergondo

Datas/horario: Do 25 de maio ao 12 de xuño

Aberto de 11 a 13 h e de 18 a 21 h de luns a vernos

Ollando a Lusofonía, exposición colectiva

Datas/horario: Do 21 ao 26 de maio no Forum Metropolitano; r/ Río Monelos 1, A Coruña ■ Aberto de 9 a 21 h de luns a vernos; sábados de 9 a 14 h e de 16 a 21 h

Datas/horario: Do 27 ao 31 de maio na Domus; r/Santa Teresa, 1. A Coruña

■ Aberto de 10 a 19 h de luns a domingo



Carnaval. Jorge Rosmarinho (Guinea Bissau) ▲

Antártida, Carlos Caraglia  
Casa da Cultura Pintor Lloréns  
■ Avenida do Porto s/n, Sada  
Datas/horario: Do 26 de maio ao 4 de xuño  
Aberto de 9 a 14 h e de 16 a 20 h de luns a vernos. Sábados de 10 a 13:30 h



Alaska. Roberto Bueno ▲

## Outras actividades

### CURSO DE INICIACIÓN Á FOTOGRAFÍA DE NATUREZA

CEIDA (Castelo de Santa Cruz, Oleiros)

30 de maio de 10 a 14 h

Imparten: Albert Masó e Fran Nieto

60 prazas. Informa: CEIDA telf. 981 630 618 ou <formacion@ceida.org>

Inscripción previa. <http://www.ceida.org/formacion/formulario-inscripcion.html>

### OBRADOIRO DE INTRODUCCIÓN Á ILUSTRACIÓN

Aula da Natureza do Concello de Abegondo

27, 28 e 29 de maio de 19 a 21 h

Imparte: Calros Silvar, licenciado en Belas Artes, ilustrador

20 prazas. Informa: CEIDA telf. 981 630 618 ou <formacion@ceida.org>

Inscripción previa. <http://www.ceida.org/formacion/formulario-inscripcion.html>

### III CONGRESO ESCOLAR

Espazos para conservar; defendamos o noso patrimonio natural

Paraninfo da UDC e Aquarium Finisterrae (A Coruña)

28 de Maio

Centros e proxectos participantes:

CPI dos Dices (Rois) **Galicia baixo a terra** ■ IES Agra de Leborís (A Laracha) **O curso**

**alto do Anllóns, como o protexemos?** ■ IES Máximo Romero de Lema (Baio)

**Camiñando e descubrindo** ■ IES de Pastoriza (Arteixo) **Auga, cultura, tradición...**

**Ourense** ■ IES Ponteceso **Roteiros de biodiversidade polo esteiro do Anllóns**

### EXHIBICIÓN DE CETRERÍA

Xardíns de Méndez Núñez (A Coruña)

30 e 31 de maio.

Horario: 13 e 18 h

Entidades colaboradoras:



## I CONGRESO INTERNACIONAL NATUREZA E IMAXE

do 27 ao 31 de maio de 2009



Concello da Coruña  
Concillería de Cultura



Coordinación:

CEIDA. Castelo de Santa Cruz s/n 15179 Liáns, Oleiros (A Coruña)  
Telf. 981 630 618 fax 981 614 443 <[www.ceida.org](http://www.ceida.org)>



# Programa proxección audiovisuais

Sala de Proxección da Domus, rúa Santa Teresa, 1. A Coruña



*Cien latidos. Francisco Mingorance*

## Domingo 31 de Maio

10:00 ▶ **Ríos de Vida: João Cosme.** Portugal posúe unha gran riqueza biolóxica vinculada aos seus ríos, riqueza que non sempre é coñecida nin sequera polas poboacións máis próximas.

10:40 ▶ **Imágenes de un mundo a preservar: Filipe Silva.** Posiblemente, a mellor forma de concienciar á poboación sobre a importancia que ten conservar o noso patrimonio natural sexa mostrándolle a súa beleza. É o obxectivo de Filipe Silva, incansable viaxeiro que utiliza as súas instantáneas para achegarnos aos últimos paraísos naturais.

Descanso

11:30 ▶ **A Natureza galega e os desafíos da súa conservación. Mesa Redonda.** Intervirán Pedro Galán, Pablo Ramil, Manuel Rodríguez Guitián, Victoriano Urgorri, Fernando Cobo e Carlos Vales. Moderará Xosé A. Fraga.

Descanso

16:00 ▶ **Un viaje por la cuenca del río Yukón: Roberto Bueno e Olalla Bueno.** Os indios nativos chamábanlle «yuchoo», o gran río. Son 3.190 Km de arteria líquida que, sen saber de fronteiras humanas, une dous dos territorios máis vírxenes, lexendarios e atraentes que hai no noso planeta: Alaska e Yukón ▶ **Serranía Alta de Cuenca: José Larrosa.** A Serranía Alta de Cuenca declarouse recentemente parque natural polos seus importantes valores naturais ▶ **Melodía natural: AEFONA.** A Asociación Española de Fotógrafos de Naturaleza agrupa a un bo número de fotógrafos, afeccionados e profesionais, que teñen na conservación da natureza o seu nexo de unión ▶ **Mirada natural: miradanatural.es.** Internet consolidouse como un punto de encontro onde os fotógrafos comparten as súas experiencias e sus coñecementos. O portal [www.miradanatural.es](http://www.miradanatural.es) é un deles e nel materialízase o excelente momento no que se atopa a fotografía da natureza en España.

16:45 ▶ **La Antártida y el calentamiento global: Carlos Caraglia.** Moito se falou sobre o cambio climático que afecta ao noso planeta. Carlos Caraglia é o coordinador dun ambicioso proxecto de investigación e divulgación deste fenómeno e falará do mesmo despois de varias expedicións á Antártida.

Descanso

17:45 ▶ **Aves en libertad. Andrés M. Domínguez.** Fotografar aves en liberdade non é só obter a imaxe para un fin determinado, senón tamén unha forma de expresar e transmitir sentimentos ▶ **Omaña. Antonio Liébana.** Omaña é unha das grandes comarcas naturais e tradicionais do norte da provincia de León, situada na zona sur da Cordillera Cantábrica. Os seus profundos bosques todavía conservan a esencia da natureza ▶ **Naturaleza salvaje. IWP.** International Wildlife Photography xurde como un proxecto altruista dun grupo heteroxéneo de fotógrafos que intentan dar a coñecer o noso patrimonio natural a través das fotografías que obteñen, sempre ó servizo da conservación.

Descanso

18:35 **Salvar Mallorca. Miquel Àngel Dora.** Gran parte da natureza foi engulida polo asfalto e o cemento. Unha das zonas onde este fenómeno alcanzou as súas maiores cotas é nas Illas Baleares, especialmente en Mallorca. A pesar de todas as dificultades moitos animais loitan por sobrevivir e algúns fotógrafos e naturalistas acompañánnos nesta batalla ▶ **Naturimagen. Juanvi Carrasco.** Un intenso percorrido pola variada e rica natureza española: polas súas paisaxes e habitantes ▶ **Volando por l'Albufera. Carlos Oltra.** A Albufera de Valencia é posiblemente o espazo natural español con maiores dificultades no que se refire á súa xestión, debido á influencia que teñen sobre el os usos tradicionais e grandes núcleos de poboación cercanos. Neste audiovisual temos a ocasión de visitala a vista de páxaro ▶ **Fotógrafos de Naturaleza argentinos. FNAweb.org.** A fotografía da natureza en Arxentina goza dun bo nivel técnico e artístico, como o demostra esta recopilación de tomas da Asociación de Fotógrafos de Naturaleza Argentinos.

## Sábado 30 de Maio

18:00 ▶ **El toro amigo. Luis Miguel Domínguez.** Pouco é o que sabemos dos nosos touros de lidia mentras están medrando nas devesas, cercados en numerosas ocasións por un ecosistema de gran riqueza e diversidade.

19:15 ▶ **Introducción a la fotografía infrarroja. Luis Monje.** A posibilidade de fotografar en lonxitudes de onda máis curta que a luz visible supón adentrarse nun territorio cheo de sorpresas e posibilidades.

Descanso

20:00 ▶ **La costa Ártabra. Fran Nieto.** O tramo de costa comprendido entre Ares e Cabo Ortegal é un dos mellor conservados do litoral español, cunha riqueza paisaxística que merece un recoñecemento no seu nivel de protección ▶ **Cien latidos. Francisco Mingorance.** Cen das mellores tomas dun dos fotógrafos da natureza españois máis recoñecidos e que publicou recentemente no libro que leva por título *Cien Latidos* ▶ **Intervalos. Nilo Merino.** Un percorrido por diferentes técnicas e formas de aproximarse á fotografía dos grandes espazos naturais que temos no norte da Península.

20:30 ▶ **Pacto con lobos. Carlos Sanz.** O lobo acompañou ó home na súa expansión pola Península Ibérica. Por desgracia numerosos factores, entre eles o medo atávico á súa presenza, levárono ao borde da extinción. Por fortuna, algunhas persoas como Carlos Sanz realizan un enorme esforzo por divulgar a importancia e a necesidade da súa conservación.

*Ríos de vida. João Cosme ▼*



*Naturimagen. Juanvi Carrasco ▼*



*Costa Ártabra. Fran Nieto ▼*

